

O RUXE RUXE

FILOMENA L. SEOANE



Como en 'Erreway'

► Disque a viaxe de Feijóo ao cono sur non foi o que agardaba, pero as fotos falan dun presidente da Xunta tratado como unha 'celebrity'

ONTE VINO, a Feijóo, o primeiro dos galegos, que se veu a Lugo a apoiar a Jaime Castañeda como novo home forte do Partido Popular da cidade. Estiven a piques de paralo e dírille: «Ei, Alberto!», porque ao presidente da Xunta, como a Rajoy, os que se prezan en coñecelos un pouco máis aló do profesional o chamán polo nome de pía. Fagan a proba se lles coincide pasarse por Pontevedra ou Sanxenxo: xa verán como se pronuncian Mariáno non fai falla engadir apelidos.

Volvo ao rego. Din as malas lingüas que a viaxe de Feijóo ao cono sur non foi como agardaba. Que se os galegos da diáspora non o coñecen, que se había quen aínda pregunta por Fraga, que se só o recibiron alcaldes...

Eu non estiven ali—non é unha indirecta—, pero se lle fago caso ás fotografías que fomos recibindo os medios de aí a semella que o de Os Peares foi tratado como unha sorte de celebridade. Ata os adolescentes pouzaron con el para quitar unha foto como se fose un actor da última peli adolescente da moda (coido que dás más o perfil de vampiro que o de licántropo, non si?).

O do fenómeno 'teen' vén ao caso porque, logo de ver imaxes como a que poden apreciar debaixo destas líñas, veuré á cabeza unha teleserie arxentina para a rapaza da que vía a miña sobriña. 'Rebel-

de Way' ou 'Erreway', chamábase. E saían rapazos e rapazas guapos e uniformados con polo e 'polllera' mini tableada de cadros escozeses, coma os mozos do colexio Santiago Apóstol de Buenos Aires que recibiron os seus diplomas hai uns días de mans de Núñez Feijóo.



José María Fonseca e Ghaleb Jaber.

PÍLULAS

Terras Gauda ► A adega que preside José María Fonseca vén de entregar o premio de cartelismo Francisco Mantecón, que gañou o deseñador valenciano Ángel Luis González, cun traballo que se impuxo entre 1.400 obras presentadas.

Ghaleb Jaber ► O presidente da fundación Arahaney tivo un recordo para Aminatu Haider co gallo do Día dos Dereitos Humanos.



Feijóo está feito un mozo. PEPE FERRÍN (AGN)

O pai de Martiño é académico

Martiño Rivas, el di que ao seu pezar, forma parte do fenómeno fan dos nosos días. Tócalle verse pegado nas carpetas das rapazas, ocupa os primeiros postos nas votacións de Galiciagay e non o deixan fuxir da portada da Superpop, da Bravo ou de Lokamagazine. Teñó eu unha amiga que xa aventuraba esa proxección cando Martiño Rivas era un púber descoñecido que facía de fillo adoptivo do 'xúis' Luis Tosar en 'Mareas vivas'. Nos últimos tempos semellaba que a estrela de Martiño mermou o relumbrón de Manuel Rivas, o seu pai. O Rivas seniior tamén ten o seu público—e moi heteroxéneo—e onte ingresou na Real Academia Galega. Por certo, terá pensado xa se apoia ou non a candidatura de Méndez Ferrín para substituir a Xosé Ramón Barreiro?

Anxo Quintana convida a Gloria Lago...

O ex vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, vén de convidar á voceira da Galicia Bilingüe, Gloria Lago, pero non a tomar unhas copas. O Quini, como presidente do Instituto Galego de Estudos Europeos e Autonómicos, quere que Lago participe nunhas xornadas sobre plurilingüismo que se celebrarán este mes en Vigo. Será o comezo dunha gran amizade?

CaixaGalicia concertos

Micah P. Hinson
All Dressed Up And Smelling of Strangers
4 de decembro
20.30 h
Colón Caixa Galicia A Coruña

Sole Giménez
Dos Gardenias
11 de decembro
20.30 h
Colón Caixa Galicia A Coruña

Russian Red
I love your glasses
18 de decembro
20.30 h
Colón Caixa Galicia A Coruña

DEPUTACIÓN DE GALICIA

Únete, divírtete, emocionate.
caixagalicia

venda de entradas
902 43 44 43
www.caixagalicia.es

CAIXA GALICIA

www.fundacioncaixagalicia.org